



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 78 · Martes, 5 abril 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Exposición pública da apertura de expediente de concesión de honores, distincións e emblemas a José Quiroga Suárez, presidente da Xunta de Galicia entre os anos 1979 e 1982..... 2

IV. ENTIDADES LOCAIS

Barco de Valdeorras (O)

Resolución de inicio do expediente de investigación de bens, en relación co camiño descrito no inventario municipal coma rúa C-Vilariño-O Barco de Valdeorras (exp. 2022/urb749)..... 3

Ourense

Convocatoria e bases reguladoras para a concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbanas. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural. Plan estatal de vivenda 2018 - 2021..... 4

Parada de Sil

Aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais..... 28

Verea

Convocatoria para a elección de xuíz de paz substituto..... 28

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Sala de Goberno. A Coruña

Nomeamento de xuíza de paz substituta do Concello da Rúa..... 28

Nomeamento de xuíza de paz substituta do Concello de Beariz..... 29

Nomeamento de xuíza de paz substituta do Concello de Amoeiro..... 30

Nomeamento de xuíza de paz titular do Concello de Castrelo do Val..... 30

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Exposición pública de la apertura de expediente de concesión de honores, distinciones y emblemas a José Quiroga Suárez, presidente de la Xunta de Galicia entre los años 1979 y 1982..... 2

IV. ENTIDADES LOCALES

Barco de Valdeorras (O)

Resolución de inicio del expediente de investigación de bienes, en relación con el camino descrito en el inventario municipal como calle C-Vilariño-O Barco de Valdeorras (exp. 2020/urb749)..... 3

Ourense

Convocatoria y bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la rehabilitación de edificios y viviendas en las áreas de regeneración y renovación urbanas. Programa de Fomento de la Regeneración y Renovación Urbana y Rural. Plan Estatal de Vivienda 2018 - 2021..... 16

Parada de Sil

Aprobación definitiva del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales..... 28

Verea

Convocatoria para la elección de juez de paz sustituto..... 28

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Tribunal Superior de Justicia de Galicia

Sala de Gobierno. A Coruña

Nombramiento de jueza de paz sustituta del Ayuntamiento de A Rúa..... 29

Nombramiento de jueza de paz sustituta del Ayuntamiento de Beariz..... 29

Nombramiento de jueza de paz sustituta del Ayuntamiento de Amoeiro..... 30

Nombramiento de jueza de paz titular del Ayuntamiento de Castrelo do Val..... 30



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos, publícase a seguinte providencia da Presidencia, do día 4 de febreiro de 2022, de inicio do expediente de concesión de honores, distincións e emblemas a José Quiroga Suárez, ratificada polo Pleno da Corporación, na sesión do 25 de febreiro de 2022.

“A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, tras unha reunión no Pazo Provincial coa alcaldesa de Petín, o alcalde da Rúa e o senador Miguel Bautista, decidiu promover o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo.

A Presidencia resaltou a transcendencia de José Quiroga, presidente da Xunta de Galicia entre os anos 1979 e 1982, unha figura vital no desenvolvemento do autogoberno galego e a consolidación da institución autonómica: a Deputación Provincial que presido acolle con absoluta satisfacción e todo o impulso posible ese merecido recoñecemento a José Quiroga. Unha distinción formulada xunto coa alcaldesa de Petín e o alcalde da Rúa que, ao igual que a Deputación, a levarán aos seus respectivos plenos para iniciar o expediente para o nomeamento de fillo predilecto da provincia. Unha idea tamén acreditada polo senador Miguel Bautista”.

Esta homenaxe é froito da cooperación interadministrativa e transcende as dinámicas partidistas “para a Deputación é unha honra homenaxear deste xeito a un dos grandes prohombres da autonomía galega”, valorou o presidente da Deputación.

Ser o segundo presidente da Xunta ou ser quen lideraba o goberno autonómico cando se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia, son motivos máis que suficientes para honrar unha traxectoria de vocación de servizo público, de compromiso e de presenza nas institucións.

Tamén é de salientar o traballo de José Quiroga en favor da consolidación da autonomía galega. Estas catro décadas de benestar e progreso e este protagonismo que hoxe ten Galicia no marco nacional foi grazas ao traballo de moitos homes e mulleres, de moitos executivos do goberno autonómico e singularmente do home que iniciou esta andaina.

De conformidade co artigo 10 do Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.

Polo exposto, dispoño:

1º. Incoar o expediente para o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920 - A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo.

2º. Designar o deputado provincial e vicepresidente primeiro Rosendo Luis Fernández Fernández como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de honores e distincións da Deputación. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de Política Cultural, Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º. Solicitarlle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial, da decisión de iniciar o dito expediente.”

De conformidade co artigo 11 do dito regulamento, ponse de manifesto o expediente ata o 15 de maio de 2022, co obxecto de sometelo a información pública para que poidan comparecer

cantas persoas, asociacións, etcétera, que o desexen, para formalizar o seu testemuño mediante a presentación polas canles habituais, da oportuna adhesión.

Ourense, 30 marzo de 2022. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de ourense

A los efectos oportunos, se publica la siguiente providencia de la Presidencia, de 4 de febrero de 2022, de inicio de expediente de concesión de honores, distinciones y emblemas a José Quiroga Suárez, ratificada por el Pleno de la Corporación, en la sesión de 25 de febrero de 2022.

“La Presidencia de la Diputación Provincial de Ourense, tras una reunión en el Pazo Provincial con la alcaldesa de Petín, el alcalde de A Rúa y el senador Miguel Bautista, decidió promover el nombramiento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como hijo predilecto de la provincia a título póstumo.

La Presidencia resaltó la transcendencia de José Quiroga, presidente de la Xunta de Galicia entre los años 1979 y 1982, una figura vital en el desarrollo del autogobierno gallego y la consolidación de la institución autonómica: la Diputación Provincial que presido acoge con absoluta satisfacción y todo el impulso posible ese merecido reconocimiento a José Quiroga. Una distinción formulada junto con la alcaldesa de Petín y el alcalde de A Rúa que, al igual que la Diputación, la llevarán a sus respectivos plenos para iniciar el expediente para el nombramiento de hijo predilecto de la provincia. Una idea también acreditada por el senador Miguel Bautista”.

Este homenaje es fruto de la cooperación interadministrativa y trasciende las dinámicas partidistas “para la Diputación es un honor homenajear de este modo a uno de los grandes prohombres de la autonomía gallega”, valoró el presidente de la Diputación.

Ser el segundo presidente de la Xunta o ser quien lideraba el gobierno autonómico cuando se aprobó el Estatuto de Autonomía de Galicia, son motivos más que suficientes para honrar una trayectoria de vocación de servicio público, de compromiso y de presencia en las instituciones.

También es de destacar el trabajo de José Quiroga a favor de la consolidación de la autonomía gallega. Estas cuatro décadas de bienestar y progreso y este protagonismo que hoy tiene Galicia en el marco nacional ha sido gracias al trabajo de muchos hombres y mujeres, de muchos ejecutivos del gobierno autonómico y singularmente del hombre que inició esta andadura.

De conformidad con el artículo 10 del Reglamento de Honores y Distinciones de la Diputación Provincial de Ourense, el órgano competente para ordenar la instrucción del expediente será la Presidencia. Sin perjuicio de esto, se considera oportuno solicitar el parecer del Pleno de la Corporación en cuanto a ratificar la decisión de iniciar la instrucción del expediente.

Por lo expuesto, dispongo:

1º. Incoar el expediente para el nombramiento de José Quiroga Suárez (Petín 1920 - A Rúa 2006) como hijo predilecto de la provincia a título póstumo.

2º. Designar al diputado provincial y vicepresidente primero, Rosendo Luis Fernández Fernández como instructor del expediente, conforme con lo que dispone el capítulo III del Reglamento de Honores y Distinciones de la Diputación. El



diputado instructor actuará asistido por el asesor de Política Cultural, Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario del expediente.

3.º Solicitarle a la Comisión Informativa de Cultura, Deportes y Juventud, que dictamine favorablemente la ratificación, por parte del Pleno de la Diputación Provincial, de la decisión de iniciar dicho expediente.”

De conformidad con el artículo 11 del dicho reglamento, se ponen de manifiesto el expediente hasta el 15 de mayo de 2022, con el objeto de someterlo a información pública para que puedan comparecer cuantas personas, asociaciones, etcétera, que lo deseen, para formalizar su testimonio mediante la presentación por los canales habituales, de la oportuna adhesión.

Ourense, 30 marzo de 2022. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 682

IV. ENTIDADES LOCAIS **IV. ENTIDADES LOCALES**

O Barco de Valdeorras

O 15 de marzo de 2022, ditouse unha resolución da Alcaldía, cuxa parte dispositiva di o seguinte:

Resolvo:

1.º Iniciar expediente de investigación de bens, en relación co ben que a continuación se describe:

Situación: Vilariño. O Barco de Valdeorras

Descrición: camiño descrito no inventario municipal coma rúa C-Vilariño-O Barco de Valdeorras (2022/urb749)

2.º Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, con expresión das características que permitan identificar o ben investigado.

3.º Unha vez realizada a publicación á que se refire o apartado anterior, un exemplar do dito boletín expoñeráse no taboleiro de anuncios do concello, durante o prazo de quince días.

4.º No prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao que deba darse por finalizada a publicación dos anuncios no taboleiro da corporación, as persoas afectadas polo expediente de investigación poderán alegar por escrito ante a corporación canto consideren conveniente ao seu dereito; deberán xuntar todos os documentos en que funden as súas alegacións.

Sen prexuízo do que establece o apartado anterior, no caso de que existan afectados/as polo expediente de investigación que resulten coñecidos/as e identificables, haberán de ser notificados/as persoalmente.

5.º Remitir esta resolución á Administración Estatal e Autonómica, para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

6.º Unha vez instruído o expediente, sométase á aprobación do Pleno, tras o informe previo da comisión informativa correspondente.

Régime de recursos

A presente resolución é un acto de trámite non susceptible de recurso.

Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e o dito boletín, por un prazo de 15 días, no taboleiro de edictos do concello.

De conformidade co que dispón o artigo 50 do Regulamento de bens das entidades locais, unha vez transcurrido o prazo de 15

días anterior, e durante o prazo de 1 mes, os/as interesados/as poderán examinar o expediente no concello, alegar canto crean conveniente ao seu dereito e achegar os títulos e documentos en que pretendan fundalo. Poderán instar a apertura dun período de proba e solicitar a práctica das que consideren necesarias e os medios dos que intenten valerse.

O Barco de Valdeorras, na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

El 15 de marzo de 2022, se dictó una resolución de la Alcaldía, cuya parte dispositiva dice lo siguiente:

Resuelvo:

1.º Iniciar expediente de investigación de bienes, en relación con el bien que a continuación se describe:

Situación: Vilariño. O Barco de Valdeorras

Descripción: camino descrito en el inventario municipal como calle C-Vilariño-O Barco de Valdeorras (2020/urb749)

2.º Publicar la presente resolución en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, con expresión de las características que permitan identificar el bien investigado.

3.º Una vez realizada la publicación a la que se refiere el apartado anterior, un ejemplar del mencionado boletín se expondrá en el tablón de anuncios del ayuntamiento, durante el plazo de quince días.

4.º En el plazo de un mes, que se contará desde el día siguiente al que deba darse por terminada la publicación de los anuncios en el tablón de la corporación, las personas afectadas por el expediente de investigación podrán alegar por escrito ante la Corporación cuanto consideren conveniente a su derecho; deberán adjuntar todos los documentos en que funden sus alegaciones.

5.º Sin perjuicio de lo que establece el apartado anterior, en el caso de que existan afectados/as por el expediente de investigación que resulten conocidos/as e identificables, habrán de ser notificados/as personalmente.

6.º Remitir esta resolución a la Administración Estatal y Autonómica, para que éstas, en su caso, puedan hacer valer sus derechos y alegar lo procedente.

7.º Una vez instruido el expediente, se somete a la aprobación del Pleno, tras el informe previo de la comisión informativa correspondiente.

Régimen de recursos

La presente resolución es un acto de trámite no susceptible de recurso.

Esta resolución se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y dicho Boletín, por plazo de 15 días, en el tablón de edictos del ayuntamiento.

De conformidad con lo que dispone el artículo 50 del Reglamento de Bienes de las Entidades Locales, una vez transcurrido el plazo de 15 días anterior, y durante el plazo de 1 mes, los/as interesados/as podrán examinar el expediente en el ayuntamiento, alegar cuanto crean conveniente en su derecho y adjuntar los títulos y documentos en que pretendan fundarlo. Podrán instar la apertura de un período de prueba y solicitar la práctica de las que consideren necesarias y los medios de los que intenten valerse.

O Barco de Valdeorras, en la fecha de la firma electrónica.

El alcalde. Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

R. 566

Ourense

Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI

Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural
Plan estatal de vivenda 2018 - 2021

Anualidade 2021

Áreas de rexeneración e renovación urbana ARRU/ARI do Concello de Ourense

Centro histórico de Ourense

Núcleo etnográfico de Seixalbo

O Polvorín - A Carballeira - As Camelias

Serra San Mamede - Cruceiro Quebrado - A Inmaculada

Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas

Índice

Exposición de motivos

Capítulo primeiro. Obxecto da convocatoria

Artigo 1. Obxecto

Capítulo segundo. Ámbito territorial

Artigo 2. Ámbito territorial das actuacións que se van subvencionar

Capítulo terceiro. Requisitos das actuacións

Artigo 3. Actuacións subvencionables

Artigo 4. Requisitos xerais das actuacións

Artigo 5. Conformidade co plan

Capítulo cuarto. Persoas beneficiarias das subvencións

Artigo 6. Persoas beneficiarias das subvencións

Artigo 7. Obrigas das persoas beneficiarias

Capítulo quinto. Réxime económico e orzamentario

Artigo 8. Características das axudas económicas

Artigo 9. Contía das axudas económicas

Artigo 10. Orzamento protexible

Artigo 11. Límites xerais das subvencións

Capítulo sexto. Fases do procedemento

Artigo 12. Prazo de presentación

Artigo 13. Criterios para a concesión de subvención

Artigo 14. Presentación de solicitudes e documentación

Artigo 15. Cualificación provisional

Artigo 16. Execución das obras

Artigo 17. Presentación do comunicado de fin das obras e xustificación do gasto

Artigo 18. Cualificación definitiva e pago das axudas

Capítulo sétimo. Denegación, perda e reintegro da subvención

Artigo 19. Causas de denegación e perda de axudas

Artigo 20. Reintegros das subvencións

Capítulo oitavo. Tratamento de datos de carácter persoal

Artigo 21. Tratamento de datos de carácter persoal

Capítulo noveno. Remisión normativa

Artigo 22. Remisión normativa

Disposicións adicionais

Primeira. Subvencións complementarias municipais

Segunda. Aplicación a outras ARRU/ARI

Terceira. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión de axudas.

Cuarta. Vixencia

Exposición de motivos

I. Estas bases realízanse para desenvolver os acordos da Comisión Bilateral, asinados o 1 de decembro de 2021 polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Goberno de España, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, para o financiamento das distintas “áreas de rexeneración e renovación urbanas” (de aquí en diante ARRU), tamén denominadas “áreas de rehabilitación integral” (de aquí en diante ARI), declaradas no termo municipal. Á súa vez, cúmprese o compromiso asumido por este concello no acordo cuarto dos devanditos convenios, e terá en conta os artigos 5, 47 e seguintes do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (BOE núm. 61

do 10 de marzo de 2018) e a Resolución do 3 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, ábrese o prazo de presentación de solicitudes e establécense as bases reguladoras das axudas previstas para este programa para a anualidade 2021 (DOG núm. 113, do 16 de xuño de 2021).

II. O programa de actuación subvencionado engloba a rehabilitación de edificios e vivendas. Con iso téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados nas ARRU/ARI, tanto na súa dimensión física como na súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nestas bases aquelas actuacións de rehabilitación de inmobles que estean situados dentro das ARRU/ARI declaradas e que sexan conformes coas condicións e limitacións establecidas normativamente.

IV. Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 38/2003, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no Decreto da Xunta de Galicia 11/2009, do 8 de xaneiro que aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (DOG do 29 de xaneiro de 2009).

Capítulo primeiro. Obxecto da convocatoria

Artigo 1. Obxecto

Estas bases redáctanse para regular os criterios e procedementos para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas dentro das ARRU/ARI segundo o “Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural” do Real decreto 106/2018, da Resolución autonómica do 3 de xuño de 2021 e dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Goberno de España, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, asinados o día 1 de decembro de 2021.

Capítulo segundo. Ámbito territorial

Artigo 2. Ámbito territorial das actuacións que se van a subvencionar

As actuacións que poden optar ás subvencións serán as que se executen dentro dos ámbitos territoriais delimitados das seguintes ARRU/ARI oficialmente declaradas no termo municipal do Concello de Ourense, segundo os seus acordos de declaración, que son:

- a) ARRU/ARI Centro histórico de Ourense
- b) ARRU/ARI Núcleo etnográfico de Seixalbo
- c) ARRU/ARI O Polvorín - A Carballeira - As Camelias
- d) ARRU/ARI Serra San Mamede - Cruceiro Crebado - A Inmaculada

Capítulo terceiro. Requisitos das actuacións

Artigo 3. Actuacións subvencionables

3.1. As actuacións de rehabilitación deberán estar incluídas nalgún dos seguintes tipos:

- a) Rehabilitación de elementos comúns de edificios de uso residencial vivenda.¹
- b) Rehabilitación de elementos privativos de edificios (interiores das vivendas).
- c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.²

3.2. Nas edificacións rehabilitadas obxecto das actuacións subvencionadas a través destas bases, manteranse os usos autorizados preexistentes.

3.3. De acordo co disposto no artigo 51 “Actuacións subvencionables” do Real decreto 106/2018 polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, no que se inclúe de modo expreso o disposto á súa vez nos artigos 36 e 43, son subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Actuacións de execución de obras ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
- b) Actuacións de conservación que se acometan para emendar as seguintes deficiencias:
 - b.1) As relativas ao estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións.

¹ Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexible da devandita actuación.

² Para os efectos desta convocatoria enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmovible que alberga exclusivamente unha vivenda unifamiliar ou ben cando esta ocupe, como mínimo, o 70% da edificabilidade sobre rasante do edificio, podéndose excluír as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles

b.2) As relativas ao estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluíndo procesos de desamiantado.

b.3) As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente esixidas.

c) Actuacións para a mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade como:

c.1) A instalación de ascensores, salva-escadeiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente.

c.2) A instalación ou dotación de produtos de apoio tales como guindastres ou artefactos análogos que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio no seu caso, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares.

c.3) A instalación de elementos de información ou de aviso tales como sinais luminosos ou sonoros que permitan a orientación no uso de escadeiras, ascensores e do interior das vivendas.

c.4) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como vídeo-porteiros e análogos.

c.5) A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade.

c.6) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares, agrupadas en fila nos edificios de tipoloxía residencial colectiva obxecto deste programa, así como nas súas vías de evacuación. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do Código técnico da edificación no referido á vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas.

c.7) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento básico do Código técnico da edificación DB-SUA, seguridade de utilización e accesibilidade.

d) Actuacións para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade das vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila como:

d.1) A mellora da envolvente térmica da vivenda para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións de mellora do seu illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocos, ou outras, incluíndo a instalación de dispositivos bioclimáticos e de sombreado.

d.2) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como a substitución de equipos de produción de calor ou frío, a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética; o illamento térmico das instalacións de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores, a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais, a implantación de sistemas de arrefriamento gratuito por aire exterior e de recuperación da calor do aire de renovación e a conexión de vivendas a redes de calor e frío existente, entre outros.

d.3) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar fotovoltaica, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxía convencional térmica ou eléctrica da vivenda. Inclúese a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos e solucións integrais de aerotermia para climatización e auga quente sanitaria, co fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada pola vivenda, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.

d.4) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento básico do Código técnico da edificación DB-HR, protección contra o ruído.

d.5) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento básico do Código técnico da edificación DB-HS de salubridade ou, na súa falta, as que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radon a niveis inferiores a 300 Bq/m³, ou nas que sen alcanzar o devandito nivel, se reduza a concentración inicial en polo menos un 50%.

Nas vivendas, segundo a clasificación climática do Código técnico da edificación, o conxunto de actuacións das letras d.1), d.2) e d.3) anteriores, deben conseguir unha redución da demanda enerxética anual global, de maneira conxunta ou complementaria, de calefacción e refrixeración da vivenda referida á certificación enerxética, sobre a situación previa ás devanditas actuacións de, polo menos, un 25% para a zona climática de Ourense.

A título meramente exemplificativo, entenderanse subvencionables as seguintes actuacións:

- Instalación de ascensores ou outros medios técnicos que resolvan a mobilidade vertical na edificación.
- Adecuación do acceso para as persoas con discapacidade.
- Adecuación das condicións de protección fronte a incendios.
- Adecuación das condicións de salubridade.
- Adecuación dos elementos de estanquidade fronte á choiva.

- Adecuación das condicións de habitabilidade das vivendas.
- Seguridade estrutural, coa excepción indicada no apartado 3.5 deste artigo.
- Execución de sistemas adecuados de evacuación de auga de choiva e saneamento.
- Instalación de sistemas de aforro enerxético.
- Mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de mobilidade vertical da edificación.
- Mellora da eficiencia enerxética das instalacións eléctricas.
- Mellora da eficiencia enerxética do saneamento e da fontanería.
- Mellora da eficiencia enerxética do sistema de calefacción.
- Mellora da eficiencia enerxética da extracción de fumes e ventilación.
- Execución de illamento térmico e illamento acústico do edificio ou das vivendas.

3.4. Non se protexerán aquelas partes dos orzamentos das obras cuxa finalidade sexa puramente decorativa ou luxosa.

3.5. Exclúense da convocatoria aquelas actuacións que supoñan a demolición total da edificación e o baleirado integral de parcelas, así como aquelas de carácter estrutural que non se engloben ou correspondan coa tipoloxía do ámbito no que se atopen.

3.6. Poderán incluírse os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Para estes efectos, consideraranse como custos derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que a persoa solicitante puidese satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela. Deben de estar reflectidos, tanto nos orzamentos presentados para a cualificación provisional, como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva. O límite máximo de subvención para os gastos de xestión administrativa será de 500 € por expediente.

Artigo 4. Requisitos xerais das actuacións

Para os efectos de obter as axudas previstas nestas bases será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Os edificios deberán ter, antes e despois das actuacións, polo menos, o 70% da súa superficie útil sobre rasante destinada a uso residencial de vivenda, podéndose excluír as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles.
- b) As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou autorización administrativa oportuna, con autorizacións sectoriais en caso de ser necesarias, nas que se faga constar a descrición de todas as obras que se vaian executar e que se atope en vigor.
- c) Poderán participar na convocatoria aquelas actuacións que xa estivesen empezadas con anterioridade á publicación destas bases, coa condición de que non se atopen finalizadas e que se acredite o estado orixinal mediante unha ampla reportaxe fotográfica que se completará coa visita previa realizada polos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI.
- d) En todo caso, as obras deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

Artigo 5. Conformidade co plan

5.1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán estar de acordo coas determinacións da normativa aplicable en cada momento.

5.2. Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co plan vixente, para adaptalos ao devandito plan.

Capítulo cuarto. Persoas beneficiarias de subvencións

Artigo 6. Persoas beneficiarias das subvencións

6.1. Poderán ser beneficiarias das axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación.

6.2. Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias dos inmobles ou persoas inquilinas que acometan as obras con autorización da persoa propietaria.

6.3. Nos casos nos que unha vivenda ou local teña varios propietarios deberán relacionarse todos eles coa porcentaxe da propiedade e nomear unha persoa representante á que se lle autorice a tramitar e cobrar. (Anexo II).

6.4. No caso de obras en elementos comúns, cando algún membro da comunidade de propietarios, ou da agrupación de comunidades de propietarios, incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non se lle atribuirá ao devandito propietario a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

6.5. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

Artigo 7. Obrigacións das persoas beneficiarias

As obrigacións das persoas beneficiarias serán as seguintes:



- a) Realizar algunha das actuacións ás que se refire o artigo 3, “Actuacións subvencionables”.
- b) Comunicarlle ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense consideren pertinentes antes, durante e despois da execución das obras.
- d) As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación a esta convocatoria, en especial as contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e os artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Capítulo quinto. Réxime económico e orzamentario

Artigo 8. Características das axudas económicas

8.1. As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido e aboaranse unha vez xustificado o pagamento das obras para as que se solicita a subvención e unha vez concluídos todos os trámites correspondentes.

8.2. Para os efectos de obter as axudas previstas nestas normas de procedemento, terase en conta que serán concedidas en función dos informes técnicos e xurídicos emitidos polo servizo municipal xestor da rehabilitación do Concello (Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI).

8.3. As subvencións deste programa serán compatibles con calquera outras axudas públicas para o mesmo obxecto, excepto co resto de programas do Real decreto 106/2018 como son o Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, o Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e o Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade (art. 52.3 do Real decreto 106/2018).

Artigo 9. Contía das axudas económicas

As subvencións deste programa defínense a continuación segundo o establecido no artigo 52 do Real decreto 106/2018, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, e os artigos 20, 21 e 26 da Resolución do 3 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa.

9.1. Subvención estatal:

a) A axuda non poderá exceder do 40 % do investimento con carácter xeral e poderá aumentarse ata o 75 % do investimento nos seguintes casos:

- Naquelas vivendas en que os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, sexan inferiores a tres veces o IPREM.

- Naquelas vivendas nas que se acredite que na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, exista unha persoa con discapacidade e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade.

- Naquelas vivendas nas que se acredite que na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, existe unha persoa maior de 65 anos e que se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade.

b) A contía máxima das axudas calcularase conforme cos seguintes criterios e multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación:

- Con carácter xeral:

Ata 8.000 euros por vivenda que participe na actuación de rehabilitación, xa sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial vivenda colectiva, para actuacións de conservación, da mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1 a) do dito real decreto e no ordinal decimo sétimo da Resolución do 3 de xuño de 2021.

- Ata 12.000 euros por vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora de eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, as contías sinaladas nos dous parágrafos anteriores incrementarase con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída do local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarase en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declarados ben de interese cultural (en adiante, BIC), catalogados ou que contan con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións sinaladas nos dous parágrafos anteriores.

- Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

9.2. Subvención autonómica:

- a) A axuda non poderá exceder do 10 % do investimento.
- b) A contía máxima da axuda terá un límite de 4.000 euros por vivenda que participe na actuación de rehabilitación. Para o caso de recibir as axudas autonómicas debe destinarse a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no caso de que se destinen ao alugueiro, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro e o artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Este prazo computarase desde a data de notificación da cualificación definitiva, cando se trate de uso propio, ou desde a data de sinatura do contrato de alugueiro, para os casos en que se destine a esta finalidade, tendo en conta que o contrato debe estar dado de alta no período comprendido entre o día seguinte ao da notificación da cualificación definitiva e o día da resolución de concesión ou pago da axuda.
- Achégase a continuación un cadro resumo aclaratorio no que se detallan as cantidades máximas da axuda para recibir cos límites establecidos, dos cales se tomará o menor de ambos os dous:

Subvención estatal	
Contía xenérica	
Límite 1	Límite 2
40 % do custo da actuación	<p>Obras de conservación e accesibilidade (Art. 51 e 43 do Real decreto 106/2018)</p> <p>8.000 € por vivenda 120 €/m² da superficie construída do local que participe nos gastos</p> <p>No caso de edificios e vivendas declarados ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.</p> <p>9.000 € por vivenda 130 €/m² de superficie construída do local que participe nos gastos.</p>
40 % do custo da actuación	<p>Obras de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética > 25% (Art. 36 do Real decreto 106/2018)</p> <p>12.000 € por vivenda 120 €/m² de superficie construída de local que participe nos gastos.</p> <p>No caso de edificios e vivendas declarados ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.</p> <p>13.000 € por vivenda 130 €/m² de superficie construída do local que participe nos gastos</p>
Aumento da contía por condicións especiais das persoas solicitantes	
Límite 1	Límite 2
75 % do custo da actuación	<p>Obras de conservación, accesibilidade e de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética > 25% (Art. 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018)</p> <p>- ingresos da unidade de convivencia inferiores a tres veces o IPREM</p>
75 % do custo da actuación	<p>Obras de accesibilidade (Art. 43 do Real decreto 106/2018) para vivendas nas que os promotores da actuación e residentes teñan algunha destas condicións:</p> <p>- persoas maiores de 65 anos - persoas con discapacidade recoñecida</p>
Subvención autonómica	
Límite 1	Límite 2
10 % do custo da actuación	<p>Vivenda destinada a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria que acometa as obras de rehabilitación</p> <p>4.000 € por vivenda</p>



Artigo 10. Orzamento protexible

10.1. Por orzamento protexible entenderase o custo máximo da execución material da actuación ao que se lle engadirá, de ser o caso, o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión administrativa por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos nin tributos.

10.2. O orzamento da obra presentado quedará suxeito á posibilidade de revisión de prezos segundo as distintas partidas do catálogo de prezos de rehabilitación determinados polo IGVS e da base de datos da construción de Galicia. Excluirase deste: mobiliario, elementos decorativos e materiais luxosos.

10.3. Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento protexible mínimo das seguintes cantidades:

- Rehabilitación de elementos comúns de edificios:

Gasto mínimo de 1.000 € por vivenda ou local que participe nos custos de rehabilitación do edificio segundo as cotas establecidas no acordo da xunta correspondente.

- Rehabilitación de elementos privativos de edificios (interiores das vivendas):

Gasto mínimo de 1.500 €.

- Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda:

Gasto mínimo de 1.500 €.

10.4. A contía máxima de orzamento protexible será a recollida na cualificación definitiva de cada actuación.

Artigo 11. Límites xerais das subvencións

11.1. As subvencións previstas nestas bases terán as limitacións que fixe a normativa aplicable previa, así como as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

11.2. As subvencións outorgaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que se inclúen nos orzamentos correspondentes ata esgotar o financiamento comprometido no Acordo da Comisión Bilateral do 1 de decembro de 2021, suscrito entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Ourense.

11.3. As contías máximas achegadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e pola Comunidade Autónoma que figuran no citado acordo para as diferentes ARRU/ARI declaradas son as seguintes:

ARRU/ARI	Contía máxima achegada polo Ministerio de Fomento	Contía máxima achegada pola comunidade autónoma	N.º de actuacións concedidas
Centro histórico de Ourense	207.000,00 €	51.550,00 €	50 vivendas
Núcleo etnográfico de Seixalbo	63.000,00 €	15.750,00 €	6 vivendas
O Polvorín, As Camelias, A Carballeira	160.000,00 €	40.000,00 €	50 vivendas
Serra San Mamede, Cruceiro Quebrado, A Inmaculada	12.000,00 €	00,00 €	8 vivendas

11.4. A concesión das subvencións para o exercicio económico queda condicionada e limitada á existencia de partida e de crédito orzamentario dispoñible na anualidade á que se imputen as actuacións para subvencionar. Queda condicionada igualmente a que se esgote o crédito achegado polo Ministerio de Fomento e pola comunidade autónoma ou que se esgote o número de intervencións concedidas.

Capítulo sexto. Fases do procedemento

Artigo 12. Prazo de presentación

12.1. As solicitudes desta axuda deberán presentarse no prazo de tres (3) meses que se computará desde as 9:00 da mañá do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

12.2. O procedemento será mediante concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

12.3. A instrución do procedemento corresponderalle ao Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

12.4. O prazo máximo para resolver inicialmente a convocatoria será de seis (6) meses. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

12.5. A resolución do pago corresponderá á Xunta de Goberno Local que é, ademais, o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto.

Artigo 13. Criterios para a concesión das subvencións

13.1. As axudas outorgaranse, dentro de cada unha das ARRU/ARI descritas no artigo 2 destas bases, de acordo co criterio de temporalidade, que determinará a preferencia dunha solicitude sobre outra dentro de cada fase, anualidade ou unidade

temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións que interveñen para o financiamento das actuacións de rehabilitación.

13.2. Terán preferencia aquelas que presenten con máis antelación no tempo a documentación completa esixible segundo as bases e, en caso de solicitudes que completasen a documentación ao mesmo tempo, terá preferencia a que temporalmente se presentase antes no Rexistro Municipal.

13.3. No caso de emenda de instancias por erros tipográficos ou aritméticos nas súas solicitudes conservarase a preferencia por orde de entrada; con todo, en caso de falta de documentación, a preferencia realizarase segundo a orde de entrada do último documento que se engada.

13.4. No caso de que algún dos documentos previstos no apartado 14 tivese que ser expedido por outro organismo público, notaría ou rexistro da propiedade, bastará con achegar a solicitude de expedición do documento ante os devanditos organismos para conservar a preferencia que lle corresponde por orde de entrada.

Artigo 14. Presentación de solicitudes e documentación

14.1. As solicitudes deberanse presentar no prazo sinalado no artigo 12.1, podendo abrirse un segundo ou posteriores prazos en caso de autorizarse a redistribución de anualidades ou a consecuencia da existencia de remanentes.

14.2. As solicitudes de axuda presentaranse a través dunha instancia normalizada por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

14.3. As persoas xurídicas (comunidades de propietarios entre elas) deberán presentar a documentación por medios electrónicos, segundo o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015.

14.4. No caso das obras en elementos comúns presentarase unha única solicitude a nome da comunidade á que se lle engadirá a documentación particular de cada participante que se detalla nos artigos seguintes.

14.5. A instancia normalizada (anexo I) estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Ourense (www.ourense.gal) e tamén facilitarase nas dependencias do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERI.

A continuación relaciónanse os anexos e a documentación que deberá presentarse en función de que sexan obras promovidas por particulares ou por comunidades de propietarios ou análogas.

- Anexo I: instancia normalizada de solicitude de subvención

Este anexo debe cubrirse en todo tipo de obras.

- Anexo II: autorización para tramitar e cobrar, relación das persoas propietarias e declaración responsable

Este anexo debe cubrirse en todo tipo de obras e debe incluír a relación dos propietarios dos inmobles coas porcentaxes da propiedade e as sinaturas correspondentes.

Inclúese a declaración responsable de non estar incluído nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións. En caso de ter solicitado ou recibido outras axudas para as mesmas obras deberán relacionarse no mesmo anexo.

- Anexo III: certificado da comunidade de propietarios ou análoga

Este anexo debe cubrirse só para obras en elementos comúns promovidas polas comunidades de propietarios ou análogas.

- Anexo IV: declaración responsable das persoas integrantes e dos ingresos da unidade de convivencia

Este anexo debe cubrirse en todo tipo de obras pero só o terán que presentar os participantes residentes cuxa unidade de convivencia teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM.

- Anexo V: información básica sobre protección de datos

Este anexo debe cubrirse en todo tipo de obras. Achegarase un anexo V por cada propietario dos relacionados nos anexos II de cada inmovible.

Xunto cos anexos á solicitude descritos debidamente cubertos presentarase a seguinte documentación:

a) Documentación relativa á persoa solicitante:

a.1) Fotocopia do NIF da persoa solicitante e, de ser o caso, NIF do seu representante con documento legal acreditativo da representación.

a.2) No caso de tratarse dunha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios constituídas ambas as dúas segundo o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal ou de persoas xurídicas que sexan propietarias únicas de edificios de vivendas (sociedades e comunidades de bens):

